



Estimados compañeiros e compañeiras:

No colexio de A Capela, inauguramos en Xuño de 2.006 o Centro de interpretación de xogos tradicionais "Brinquedos"; é un parque no que se poden practicar ata vinte e cinco xogos de tradición cultural distintos, que está ubicado nos espazos exteriores que ten a nosa escola.

Entre os obxectivos que nos propuxemos coa súa creación están o de promover a práctica cotiá dos xogos tradicionais entre os nosos nenos e nenas, tamén o de difundir a nosa proposta, posibilitar o coñecemento e práctica destes xogos e facilitar as convivencias entre os centros de Primaria. Tentamos deste xeito que os xogos de sempre tamén se vaian introducindo nos centros escolares que nos visiten.

Desde o curso escolar 2007/08 convidamos aos centros escolares galegos para que nos visiten, coñezan e vivencien este recurso educativo.

No curso escolar 2008/09 deseñamos unha Unidade Didáctica, que remitimos cando se produce unha reserva, co obxectivo de que sexa traballada antes, durante e despois da visita.

Para este curso 2011/12 poñemos a disposición do centro no que traballades esta visita; terá que ser durante as mañás dos mércores, xoves ou venres (entre as 11 e as 13 horas), dependendo do nivel educativo no que se atopen as nenas e os nenos que veñan; así, se o alumnado é de 3º ou 4º de Primaria a visita será os mércores, se son de 1º e 2º terán que vir os xoves, namentras que para os de 5º e 6º reservamos os venres da semana correspondente.

Para un bo desenvolvemento da actividade convén que os grupos non sexan moi numerosos, polo que recomendamos a asistencia por niveis; tamén que antes da visita se traballen os xogos tradicionais. Polo momento non atendemos a grupos de Educación Infantil.

Comunicarvos que estamos a crear un Museo do xoguete ("Brinco"), nos corredores e paredes da nosa escola. Na planta baixa está adicado aos xogos e xoguetes tradicionais. Na primeira planta colocaremos xogos e xoguetes industriais, así como unha colección de xoguetes africanos. Para axudar a ir completando este Museo do xoguete decidimos establecer un prezo especial para cada grupo que veña coñecer o noso Centro de interpretación: consiste en que debedes traer un ou máis xoguetes usados, vellos ou algún enredo feito na casa ou na escola, que poderán formar parte deste Museo.

Aconsellamos facer canto antes a reserva do día ou días de visita, xa que os dous cursos escolares anteriores enchemos todas as datas e houbo centros escolares que non dispuxeron da posibilidade de visitarnos; para tal reserva utilízade ben o correo-e ceip.mosteiro.caaveiro@edu.xunta.es ou o teléfono **981459022** (preguntando por Xabier)

En A Capela, a 5 de Setembro de 2.011

O DIRECTOR DO COLEXIO

O COORDINADOR DE "BRINQUEDOS"

David López Paz

Xabier López García



NOTA: [Pódese compatibilizar esta actividade coa visita ao Museo Etnográfico da Capela \(previa reserva\)](#)